

# Variables

```
<categorytree mode="pages" hideprefix="always" hideroot="on" style="float:right; clear:left; margin-right:1ex; margin-left:1ex; border:1px solid gray; padding:0.7ex; background-color:white;">PHP</categorytree>
```

Unha variable é un colector de información, no que podemos meter números enteiros, números decimais, caracteres. O contido das variables pódese ler e pódese cambiar durante a execución dunha páxina PHP.

## Sumario

- [1 Conceptos básicos](#)
- [2 Variables predefinidas](#)
- [3 Existencia das variables](#)
- [4 Obter información sobre o tipo dunha variable](#)
- [5 Modificar as variables](#)

## Conceptos básicos

En PHP todas as variables comezan co símbolo do dólar \$ e non é necesario definir unha variable antes de usala.

Ademais, saber que, o nome da variable é sensible a minúsculas e maiúsculas.

Un nome de variable válido ten que comezar cunha letra ou raia (*underscore*), seguido de calquera número de letras, números e raias.

Tampouco teñen tipos, é dicir que unha mesma variable pode conter un número e logo pode conter caracteres.

Vexamos un exemplo:

```
<html>
<head>
  <title>Exemplo de PHP</title>
</head>
<body>
<?php
  $a = 1;
  $b = 3.34;
  $c = "Ola Mundo";
  echo $a, "<br>", $b, "<br>", $c;
?>
</body>
</html>
```

Neste exemplo definimos tres variables, \$a , \$b e \$c e coa instrución **echo** imprimimos o valor que contiñan, inserindo un salto de liña entre elas.

Existen dous tipos de variables, as variables **locais** que só poden ser usadas dentro de funcións e as variables **globais** que teñen o seu ámbito de uso fóra das funcións, podemos acceder a unha variable global dende unha función coa instrución **global nome\_variable**;

## Variables predefinidas

PHP proporciona unha serie de variables predefinidas contendo información do servidor web, o entorno e as entradas do usuario.

Estas variables predefinidas son globais por defecto.

A lista completa podémola atopar no enlace [Variables Predefinidas Reservadas](#). Algunhas destas variables son as seguintes:

- **\$GLOBALS** : Contén unha referencia a cada variable existente no *script*.
- **\$\_SERVER** : é unha matriz que contén información tal como cabeceiras, rutas e ubicacións de *scripts*. As entradas desta matriz son creadas polo servidor web.
- **\$\_GET** : Unha matriz asociativa de variables pasadas ao *script* actual a través do método HTTP GET.
- **\$\_POST** : Unha matriz asociativa de variables pasadas ao *script* actual a través do método HTTP POST.
- **\$\_FILES** : Unha variable tipo array asociativo de elementos cargados ao *script* actual a través do método POST.

- **\$\_COOKIE** : Unha variable tipo array asociativo de variables pasadas ao *script* actual a través de Cookies HTTP.

## Existencia das variables

Se queremos comprobar se unha variable existe, é dicir, está xa definida ou só ten un valor nulo, para iso temos as seguintes funcións:

- **empty()** : Determina se unha variable está baleira.
- **isset()** : Determina se unha variable está definida.

## Obter información sobre o tipo dunha variable

Moitas veces precísase de que tipo son as variables. PHP dispón dun conxunto de funcións que comezan por **is\_** e devolven verdadeiro se o tipo de variable é o que se indica.

Así temos as seguintes funcións: **is\_array()** - **is\_bool()** - **is\_float()** - **is\_int()** - **is\_object()** - **is\_resource()** - **is\_scalar()** - **is\_string()** - **is\_null()** - **is\_numeric()**.

Por último, temos a función **gettype()**, que devolve directamente o tipo da variable que se lle pasa como argumento. Os tipos posibles son *integer*, *double*, *string*, *array*, *object* e *unknown* (descoñecido).

## Modificar as variables

- Para asignar un tipo concreto a unha variable PHP ten a función **settype()**. Así, por exemplo, se queremos que a variable *\$cantidade* sexa do tipo *integer* debemos escribir: **settype(\$cantidade, "integer")**.
- Moitas veces, unha variable de cadea pode conter letras e números. PHP dispón de varias funcións que permiten separar os números do texto e asignalos ás variables correspondentes do seu tipo, estas son:
  1. **floatval()** - Obtén o valor flotante dunha variable.
  2. **intval()** - Obtén o valor enteiro dunha variable.
  3. **strval()** - Obtén o valor de cadea dunha variable.
- Se vemos que dentro dun *script* php se consumen innecesariamente moitos recursos por variables definidas que xa non se usan, podemos empregar a función **unset()**, que elimina unha variable definida previamente. Por exemplo, se queremos que a variable *\$nome* xa non estea definida podemos escribir **unset(\$nome)**.